

**DATAS DE EXAMES FINAIS, AVALIACIÓNS E RECLAMACIÓNS  
XUÑO 2026**

**SINOPSE DAS ACTIVIDADES**

**16 de xuño**

**AVALIACIÓNS FINAIS de:**  
2º curso de ciclos formativos

**17 de xuño**

**EXAMES EXTRAORDINARIOS de:**  
1º de Bacharelato  
Educación Secundaria para Persoas Adultas

**18 de xuño**

**EXAMES EXTRAORDINARIOS de:**  
1º de Bacharelato  
Educación Secundaria para Persoas Adultas

**22 de xuño**

**AVALIACIÓNS FINAIS de:**  
2º e 4º ESO  
1º curso de ciclos formativos

**AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA de:**  
1º de Bacharelato  
Educación Secundaria para Persoas Adultas

**23 de xuño**

**AVALIACIÓNS FINAIS de:**  
1º e 3º ESO

**RECLAMACIÓNS de:**  
1º de Bacharelato  
Educación Secundaria para Persoas Adultas  
Ciclos formativos

**25 de xuño**

**ENTREGA DE BOLETÍNS DE 1º, 2º, 3º e 4º ESO**

**RECLAMACIÓNS de:**  
1º, 2º, 3º e 4º ESO

## INFORMACIÓN SOBRE OS EXAMES E AS RECLAMACIÓN

### **1º DE BACHARELATO**

**PUBLICACIÓN DAS NOTAS:** As cualificacións da avaliación extraordinaria de 1º de bacharelato publicaranse en ABALAR o día 22 de xuño ás 21:00 horas.

**INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓN**S: O alumnado que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería, o día 22 de xuño e ata as 10:00 horas do día 23. O profesorado atenderá o alumnado o día 23 ás 11:00 horas na Sala do profesorado.

#### **RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO**

Reguladas na [Instrución 2/2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 39, 40 e 41).

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o centro, tendo de prazo o **23 e o 25 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable da materia e comunicará á persoa docente titora.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 12:00 horas do día 26 de xuño**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o día **26 de xuño** de **13:00 a 14:00 horas**.

#### **RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL**

Reguladas na [Instrución 2/2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 42 e 43).

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **29 e 30 de xuño** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.

### **ESO**

**PUBLICACIÓN DAS NOTAS:** As cualificacións da avaliación final de 2º e 4º de ESO publicaranse en ABALAR o día 22 de xuño ás 16:00 horas e as de 1º e 3º o día 23 de xuño ás 16:00 horas.

**ENTREGA DE BOLETÍN**S: Os/as titores/as entregarán os boletíns nas aulas correspondentes o

día 25	1º ESO ás 10:00 horas
	2º ESO ás 10:30 horas
	3º ESO ás 11:00 horas
	4º ESO ás 11:30 horas

**INFORMACIÓN SOBRE AS CUALIFICACIÓN**S: O alumnado da **ESO** que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo por escrito, mediante solicitude presentada en conserxería o día 23 de xuño e ata as 10:00 horas do día 25. O profesorado atenderá os alumnos/as o día 25 ás 12:00 horas na sala do profesorado.

#### **RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO**

Reguladas na [Instrución 2/2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 38, 39 e 40).

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o centro, tendo de prazo o **26 e o 29 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable da materia e comunicará á persoa docente titora.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu a materia obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 11:00 horas do día 30 de xuño**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o día **30 de xuño en horario de 12:00 horas a 14:00 horas**.

### **RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL**

Reguladas na [Instrución 2/2026 da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa](#) e na Orde do 26 de maio de 2023 (artigos 41 e 42).

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **1 e 2 de xullo** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.

## **CICLOS FORMATIVOS E EDUCACIÓN SECUNDARIA PARA PERSOAS ADULTAS**

### **INFORMACIÓN SOBRE CUALIFICACIÓN**

As notas enviaranse por ABALAR o día 22 de xuño ás 14:00 horas.

O alumnado que desexe algunha información sobre a súa cualificación deberá manifestalo cubrindo un impreso na conserxería do centro ou un correo electrónico dirixido ao profesor/a da materia correspondente, antes das 10:00 horas do día 23 de xuño. O profesorado informará o alumnado ás 11:00 horas dese mesmo día 23.

### **RECLAMACIÓNS ANTE O CENTRO**

No caso de que o/a alumno/a non quedase conforme coa información dada polo/a profesor/a da materia, nesa data, pode elevar unha reclamación ante o centro, tendo de prazo o **23 e o 25 de xuño** en horario de oficina (9:00 a 14:00 horas). A solicitude será presentada na secretaría do centro, en modelo oficial. A dirección do centro trasladará a solicitude ao departamento didáctico responsable do ámbito ou módulo e comunicará á persoa docente titora.

O departamento didáctico analizará a solicitude de revisión recibida e o informe motivado elaborado pola persoa docente que impartiu o ámbito ou módulo obxecto de revisión e elaborará o correspondente informe que recolla a descrición de feitos e actuacións previas que tivesen lugar e a decisión adoptada de ratificación ou modificación da cualificación final obxecto de revisión. O departamento didáctico emitirá unha **resolución antes das 11:00 horas do día 26 de xuño**.

O alumnado que realizou a reclamación ante o centro poderá recoller a resolución o día **26 de xuño** de 12:00 a 14:00 horas.

### **RECLAMACIÓNS ANTE O DEPARTAMENTO TERRITORIAL**

Se tras o procedemento de revisión no centro persiste o desacordo coa cualificación final, o alumnado poderá presentar por escrito (modelo oficial) á dirección do centro docente os días **29 e 30 de xuño** unha reclamación ante o departamento territorial correspondente.